

**NOTA DE PRENSA 054/23
18 DE XULLO DE 2023**

**POSITIVO ENCONTRO ENTRE OS PRESIDENTES DAS FEDERACIÓNS
GALEGA Y ESPAÑOLA**

Coincidindo coa súa visita programada a terras galegas con motivo da celebración da Subida a Chantada, o presidente da Real Federación Española de Automovilismo, Manuel Aviñó, mantivo unha reunión con Antonio Rodríguez Troitiño, presidente da Federación Galega de Automovilismo, para tratar diversos asuntos.

Entre os temas tratados destacou o acordo, logo de case cinco meses de conversacións, polo que a Federación Galega resolverá a débeda económica que, herdada do anterior equipo de goberno, mantén coa Rfeda, feito este que impedía a ambas as dúas entidades continuar explorando vías de colaboración.

Vías de colaboración que xa comezaron a plantexar na reunión mantida entre presidentes e que poderían desembocar nun acordo entre entidades para a expedición conxunta de licenzas para a tempada 2024.

No entorno da nova sede da FGA tratáronse tamén outros asuntos nos que establecer vías de colaboración como poden ser a integración de SICCOM coma ferramenta tecnolóxica de primeiro nivel para o control técnico dos vehículos participantes, a implementación da plataforma formativa MOA (Motorsport Officials Academy) o a continuidade en ámbitos nacionais e internacionais dos certámes promocionais convocados pola FGA co propósito de lanzar pilotos galegos ao exterior.

En definitiva, sesión de traballo altamente productiva a mantida entre Troitiño e Aviñó que, desta forma, aclara o camiño para proveitosas colaboracións futuras.